



3 de Junho 2007

De quem é Zeca Afonso?

anegra o cartaz do festival lisboeta Super Bock Super Rock, dia 3 de Julho. Na mesma data, actuam ainda os britânicos Klaxons e Magic Numbers. Os Arcade Fire actuaram pela primeira vez em Portugal na edição de 2005 do Festival Paredes de Coura. O Super Bock Super Rock decorre entre 28 de Junho e 5 de Julho no Parque Tejo.

Indiana Jones a caminho

DEPOIS de sucessivos rumores contraditórios, parece que é desta: Steven Spielberg vai começar a rodar o quarto capítulo da mítica saga de aventuras Indiana Jones dia 18 de Junho deste ano. Produzido por George Lucas e protagonizado por Harrison Ford, o filme tem estreia prevista para Maio de 2008.

EM NOVEMBRO de 2006, a cantora Dulce Pontes, em entrevista ao SOL, queixava-se da forma como Zeca Afonso foi incorrectamente politizado. «Não tinha nada a ver com o Partido Comunista», afirmou.

A 23 de Fevereiro completaram-se duas décadas sobre a morte de José Afonso. A efeméride, como seria de esperar, motivará no decurso do ano uma série de homenagens a um homem que, pelas próprias mãos, revolucionou a música popular portuguesa. No entanto, de braço dado com a justa e genuína vénia de muitos - Cristina Branco e Frei Paulo d'el Rei, por exemplo, dedicarão discos à obra de Zeca -, vem igualmente uma generalizada tentativa de reclamar a imagem fiel do artista. De amigos a ex-companheiros de estrada, de familiares a admiradores, todos parecem querer repor a verdade sobre a essência de Zeca. Num recente encontro na livraria Almeida, em Coimbra, José Jorge Letria reproduziu tal ideia: «A obra e a memória de Zeca são património do povo português. Ninguém a pode chamar para si. É de todos nós».

E se assim é, muito se deve à ideia de que José Afonso, o homem, não deveria ser apagado pela imagem necessariamente redutora de Zeca Afonso, o artista. O homem pode estar por 'explicar'. Mas a quem caberá essa enorme tarefa?



Zeca Afonso morreu há 20 anos

Porque, no presente caso, muita gente fala 'em seu nome' e sugere a melhor forma de homenagear o músico e poeta. Há dez anos, a viúva do cantor, Zélia Afonso (que vigia aturadamente a utilização da sua obra) reagiu violentamente contra a

homenagem que a RTP quis realizar no âmbito do Festival da Canção, uma vez que o músico sempre manifestara aversão pelo evento.

Símbolo da resistência ao fascismo em Portugal, é natural que a obra de Zeca Afonso tenha adquirido um peso invulgar na vida do país. As suas canções, como acontece com as melhores, deixaram de lhe pertencer em exclusivo e passaram a ser abraçadas por um povo. O seu simbolismo, encabeçado pela canção que transporta a vila alentejana de Grândola no seu título - 'Grândola Vila Morena' - fez da sua música, obviamente, muito mais do que uma 'mera junção' de acordes e palavras. No entanto, para uma geração nascida no pós-25 de Abril, o contexto político, social e ideológico presente (directa ou indirectamente) na obra de Zeca é demasiado distante. Por isso, para que também essa propriedade possa vir a ser reclamada por quem não conheceu a música (fado de Coimbra, de influência africana, decorrente do canto alentejano, etc.) em primeira-mão, é preciso lembrar Zeca também pelas razões estritamente artísticas.

A preocupação, volta a escrever-se, reside hoje nas virtudes de Zeca enquanto homem. Tentando contrariar a cruel inevitabilidade de, após a morte, a obra facilmente sobreviver ao autor.

Genésio Freta

Concertos de homenaxe a José Afonso en Guimarães e Viana

No vinte aniversario da morte do cantor portugués

A.N.T.

O 23 de febreiro cúmprese dúas décadas desde a morte de José Afonso. Cumprindo unha cita anual chegan os actos de lembranza e homenaxe a quen consideraba indisoluble o seu carácter de cantor co de cidadán comprometido, e que multiplicou a súa fama ao tomarse unha súa canción –*Grândola, vila morena*– como seña e himno da revolución democrática de 25 de abril de 1974.

Como ven sendo norma nestes anos pasados Guimarães concentra o núcleo das celebracións, cunha semana de actos, do 20 ao 24 concentrados nos diferentes auditorios e sás de exposicións do Centro Cultural Vila Flor.

Na liña da reivindicación dos logros comunitarios do Abril revolucionario, presentouse o día 20 a película *Continuar a viver (Os índios da meia praia)*, de Antonio da Cunha Telles, que conta coa música do Zeca. Cunha Telles filmou a experiencia levada a cabo despois do 25 de abril na comunidade mariñeira da Meia praia, en lagos. Entre 1974 e 1976 foi ensaiado un proxecto que implicou a substitución ds casas tradicionais por outras de pedra e tentouse formar unha cooperativa de pesca.

Xunto á exposición *O que faz falta* montada por *Mundo da Canção*, os días 23 e 24 celebráranse os principais actos. O primeiro día haberá un teatro-con-



X. CARBALLA

certo, "Menino d'oiro-Vida de José Afonso". Na participación realtral estarán TERB; e os grupos teatrais Coelima; Campelos e Citânia Associação Juvenil. Na parte musical intervirán Dino Freitas, Zecafusão-Let the Jam Roll, Ajaforça, Manuel Abreu, Carlos Cunha, Academia de Música Valentim Moreira de Sá, Luís Almeida, Amigos de Guimarães, Tun'obebes e Nicolinos.

Na xornada do sábado 24 desde as 15h30 que abrirá a Banda Militar do Porto, sucederanse os actos. Ás 16h30 Gil Felipe representará *O incorruptível* de Helder Costa. Ás 17h30 unha mesa redonda afondará na vida e a obra do homenaxeado coa intervención de vellos camaradas seus, Alípio de Freitas, Má-

rio Barradas, José Mário Branco, Helder Costa e José António Gomes. Os actos de Guimarães culminarán co concerto "Maio maduro maio", coa participación de José Mário Branco, Amélia Muge e João Afonso, a poesía de Manuela de Freitas e o grupo galego *Ardentia*.

Os actos están organizados polo Círculo de Arte e Recreio, Associação José Afonso, Associação 25 De Abril e A Oficina. As entradas están á venda nas billeteiras do Centro Cultural Vila Flor e páxina web www.aoficina.pt.

En Viana do Castelo a cita é o 3 de marzo ás 22 h. no Teatro Sá de Miranda, cun espectáculo musical sobre a vida e obra de José Afonso. Unha banda de oito músicos (piano, dúas gui-

tarras, baixo, acordeón, saxofón, trompeta e batería) e cinco cantores, percorrerá toda a vasta obra poética e musical de José Afonso. A banda fixo os seus propios arranxos, sob a dirección musical de Ricardo Pinto.

O espectáculo terá como cantor principal a José Carlos Barbosa, tamén ele "Zeca". Nacido en Viana do Castelo, en agosto de 1956, desde moi novo acompañou a evolución da música portuguesa, particularmente dos compositores e cantores da resistencia. Desde sempre cantou por todo o norte de Portugal, en diversos espazos públicos, tendo gravado e editado en 2003, un traballo em CD, "Sentidos Afectos", coa participación de João Afonso. ♦

As televisións galega e portuguesa homenaxeán a José Afonso

Emitirán un concerto o 25 de abril que se grava esta fin de semana en Pontevedra

A.N.T.

Nunca é tarde se o concerto e o propósito son bós. Finalmente arredor da figura de Zeca Afonso as televisións de ambas beiras do Miño toman unha iniciativa conxunta para a celebración dun concerto-homenaxe que emitirán o 25 de abril, dúas décadas despois da morte do autor de *Grândola*, a canción emblema da revolución dos caraveis.

Este venres día 25 o Pazo da Cultura de Pontevedra servirá de escenario para a gravación dun concerto que supón un fito histórico. TVG e RTP acadaron un acordo de colaboración e coproducións que darán comezo coa emisión dun concerto homenaxe a José Afonso, un verdadeiro referente e defensor de achegar as relacións de ambos países.

O concerto celébrase baixo o título de *Sempre Abril* e contará con dous presentadores: para a televisión galega Carlos Blanco e para a portuguesa Sílvia Alberte. No concerto participan músicos que coñeceron e actuaron con José Afonso, tanto galegos como portugueses (Xico de Cariño, Janita Salomé, Sergio Godinho, Vitorino...) e grupos e artistas de fornadas pos-



Xico de Cariño, á dereita, con José Afonso nunha foto do Festival dos Pobos Ibéricos na Coruña no ano 1978, no que participaban tamén Enrique Morente, Marina Rossell e os Irmsns Artzaks.

teriores (Ugia Pedreira, Narf, Dulce Pontes, Uxía Senlle). O elenco completárase con Cantores do Redondo, Luís Pastor, Faltriqueira, Treixadura, Víctor Coyote, João Afonso, Zeca Medeiros, Miro Casabella ou Tito París.

Xico de Cariño, vello amigo e unha das pontes de relación do Zeca coa Galiza, lembra aqueles anos de contacto, "colecín ao Zeca en París, no ano 1971, sendo eu estudante

de Etnomusicoloxía na Ecole Pratique des Hauts Etudes con motivo dunha actuación súa na Universidade Central da Sorbonne, no bairro Latino. Fun acompañado do Bibiano, que eu xa coñecía de Santiago de Compostela e que foi quen mo presentou. Como curiosidade, o Zeca gravaría, un ano despois, o disco *Cantigas de Maio* con José Mário Branco no mesmo estudo do castelo de Heurau-

ville no que eu gravei "Das terras de Benvirá" co cantor brasileiro Geraldo Vandré do que era músico, xuntamente con Marcelo Melo, do actual *Quinteto Violado*".

A relación de José Afonso foi máis intensa nos anos finais do franquismo e primeira transición. Xico lembra algunha daquelas colaboracións comúns, "rerían que pasar varios anos, xa de volta na Galiza, para un novo encontro co Zeca que, desta vez, xa sería para manter unha relación permanente de colaboración e amizade. Entretanto, caíu a ditadura portuguesa namentras no estado español aturabamos coa transición. Foi cando a contratación do Zeca para o Iº Festival galego-luso-brasileiro, (1976) no Pavillón de Deportes da Coruña e que eu estaba a coordinar por conta do Concello de A Coruña. Aproveitamos este festival para extendelo a Vilagarcía. Despois no Festival dos Pobos Ibéricos (A Coruña, 1978) participei acompañado ao Zeca no tema "Lá vai Jeremias". Foi unha amizade que medrou nos anos, e despois en vida del puidemos devolverlle, en 1986 no grande festival poético-musical *Galiza a José Afonso*, toda a nosa admiración e amizade". ♦